

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

*Nomeamento auxiliar do servizo de axuda a domicilio (persoal laboral fixo a tempo parcial) estabilización do emprego temporal*

##### ANUNCIO

**Expediente núm. 2022/E001/000028**

Nesta entidade local tramitouse, co número de procedemento indicado, o expediente do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar do Servizo de axuda a domicilio (a xornada parcial), incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez de 2022 (OEP-E 2022) para a estabilización de emprego temporal, segundo a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Mediante o Decreto núm. 221/2024, do 31 de xaneiro (expediente núm. 2024/G003/000240), ditado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, procedeuse ao nomeamento da aspirante que superou o proceso selectivo e foi proposta polo órgano de selección. A parte dispositiva da indicada resolución (o DNI amósase cifrado), con inclusión do pé de recursos, sinala:

**“1. Nomear a María Carmen Caínzos Prieto, titular do DNI \*\*\*1620\*\* , persoal laboral fixo do Concello das Pontes de García Rodríguez, coa categoría de auxiliar do Servizo de axuda a domicilio, grupo profesional asimilado ao subgrupo C2, con contrato a tempo parcial (50 por 100 da xornada).**

A aspirante nomeada deberá formalizar o contrato de traballo no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP).

**2. Publicar** o anuncio do presente nomeamento no BOP, na sede electrónica do concello e na páxina web da entidade local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no BOP do presente nomeamento, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez, 1 de febreiro de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos  
Antonio Alonso Román